

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CELEBRADA O DÍA 20 DE XUÑO DE 2013.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **CATORCE HORAS E TRINTA MINUTOS** do xoves día **VINTE DE XUÑO DE DOUS MIL TRECE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **Dª. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúñese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia do tenente de Alcalde **Dº MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e os concelleiros **Dº ANTONIO COUSO ÁLVAREZ, Dº KLAUS BREY MONTAÑA** e **Dª DOLORES GARCÍA TROITIÑO** a Interventora Municipal **ISABEL PERNAS SANCHEZ** e do Secretario da Corporación **FRANCISCO JAVIER OUBIÑA LODEIRO**, que suscribe e da fe.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES.**
- 2º.- SUBVENCIÓNS.**
- 3º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNNS.**
- 4º.- ALTAS, BAIXAS E VARIACIÓNS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.**
- 5º.- ROGOS E PREGUNTAS**

1º.- APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES:

- Acta da sesión ordinaria de 30 de maio de 2013
- Acta da sesión extraordinaria de 05 de xuño de 2013

Preséntanse para aprobación estas actas:

- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria de 30 de maio de 2013.
- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión extraordinaria de 05 de xuño de 2013.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda prestar aprobación a seguinte acta da Xunta de Goberno Local:

- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria de 30 de maio de 2013.
- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión extraordinaria de 05 de xuño de 2013.

2º.- SUBVENCIÓNS.

2.1.- Soterramento de Infraestructuras Eléctricas.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa (Decreto 04 de xullo de 2011), por unanimidade dos presentes aproba este acordo:

Vista a Orde da Consellería de Economía e Industria, do 13 de maio de 2013 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para o soterramento de infraestruturas eléctricas que transcorran por un ou varios termos municipais na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) dentro do marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria.

Vista a proposta do Concelleiro de Obras e Servizos, Manuel Cuiña Fernández, de data 18 de xuño de 2013, sobre solicitude de subvención que se transcribe:

"Vista a Orde da Consellería de Economía e Industria, do 13 de maio de 2013 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para o soterramento de infraestruturas eléctricas que transcorran por un ou varios termos municipais na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) dentro do marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria.

Visto que O Concello de Silleda, pode ser beneficiario de esta subvención

Vista a memoria valorada redactada polo arquitecto municipal, D. Lino Doperto Framil, cun orzamento total de 124.909,90 €

Visto que o referido proxecto contén unha instalación de distribución, e que existe acordo coa empresa distribuidora para a execución da obra, recollido no convenio marco asinado entre empresa e concello, de data 2 de Febreiro de 2012.

Propónese á XGL que se adopte o seguinte acordo:

- Aprobar a memoria valorada redactada polo arquitecto municipal.

-Solicitar á Consellería de Economía e Industria, axuda económica para a execución da referida actuación, ao abeiro da Orde citada, polo 80% do orzamento recollido na memoria valorada.”

A Xunta de Goberno Local, acorda por unanimidade aprobar a proposta do Concelleiro de Obras e Servizos transcrita e polo dito

- Aprobar a memoria valorada redactada polo arquitecto municipal.

-Solicitar á Consellería de Economía e Industria, axuda económica para a execución da referida actuación, ao abeiro da Orde citada, polo 80% do orzamento recollido na memoria valorada.

2.2.- Cesión en propiedade dun vehículo motobomba equipado con cisterna de 2.400 litros e cabina dobre.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa (Decreto 04 de xullo de 2011), por unanimidade dos presentes aproba este acordo:

Vista a Orde da Consellería de Medio Rural e do Mar, do 10 de maio de 2013 pola que se convocan, en réxime de concorrencia competitiva, axudas aos concellos de Galicia para o apoio á extinción de incendios forestais, consistentes na cesión en propiedade de vehículos especialmente preparados para o exercicio desas funcións.

Vista a proposta do Concelleiro de Obras e Servizos, Manuel Cuiña Fernández, de data 19 de xuño de 2013, sobre solicitude de subvención que se transcribe:

"Vista a Orde da Consellería de Medio Rural e do Mar, do 10 de maio de 2013 pola que se convocan, en réxime de concorrencia competitiva, axudas aos concellos de Galicia para o apoio á extinción de incendios forestais, consistentes na cesión en propiedade de vehículos especialmente preparados para o exercicio desas funcións.

Visto que o Concello de Silleda cumpre os requisitos para resultar beneficiario de subvención ao abeiro daquela.

Propónese á XGL que se adopte o seguinte acordo:

Acollerse , ao abeiro da referida orde, ás axudas para o apoio á extinción de incendios consistentes na cesión en propiedade de vehículos especialmente preparados para o exercicio desas funcións, para a cesión en propiedade dun vehículo motobomba equipado con cisterna de 2.400 litros e cabina dobre, aceptando integralmente os termos e prescripcións da orde citada, incluído o feito de que en caso de que se esgoten as existencias do vehículo solicitado, aceptarase o outro tipo de vehículo.

Facultar á alcaldesa do Concello para aceptar a devandita cesión, no caso

de resolución favorable da Consellería.”

A Xunta de Goberno Local, acorda por unanimidade aprobar a proposta do Concelleiro de Obras e Servizos transcrita e polo dito

Acollerse , ao abeiro da referida orde, ás axudas para o apoio é extinción de incendios consistentes na cesión en propiedade de vehículos especialmente preparados para o exercicio desas funcións, para a cesión en propiedade dun vehículo motobomba equipado con cisterna de 2.400 litros e cabina dobre, aceptando integralmente os termos e prescripcións da orde citada, incluído o feito de que en caso de que se esgoten as existencias do vehículo solicitado, aceptarase o outro tipo de vehículo.

Facultar á alcaldesa do Concello para aceptar a devandita cesión, no caso de resolución favorable da Consellería.

3º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

3.1.- Pola Alcaldesa dase conta do escrito remitido pola Delegación Territorial de Pontevedra da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de data 17 de xuño de 2013, Rexistro de Entrada nº 3465, de data 19 de xuño de 2013, no que se informa do importe destinado a subvencionar os gastos de funcionamento do Xulgado de Paz de Silleda, os cales ascenden a cantidade de 3.229,41 €, e que próximamente se ingresará na conta do Concello.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

3.2.- Pola Alcaldes dase conta do escrito remitido por Presidencia da Xunta de Galicia, de data 14 de xuño de 2013, Rexistro de Entrada nº 3455, de data 19 de xuño de 2013, correspondente ó procedemento “Concesión subvención para apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de intereses turístico de Galicia - Clave TU500A2013/27” mediante o cal comunica proposta de resolución provisional na que se concede a seguinte subvención:

Descripción da actuación	Investimento	Subvención concedida
XXXIX Festa da Empanada	9.250,00 €	2.950,00 €

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

4º.- ALTAS, BAIXAS E VARIACIÓNS NO SERVIZO DE AXUDA

NO FOGAR.

4.1.- Expediente de solicitud de comunicación de alta no SAF no correspondente Programa de Atención á Dependencia, solicitado por Isabel Hernández López.

Dase conta do informe social elaborado por M^a del Carmen Carballo Silva, Traballadora Social do Concello, de data 11 de xuño de 2013, para expediente de comunicación de alta no SAF na modalidade de dependencia, solicitado por:

Nome a Apelido	Enderezo
Isabel Hernández López.	República Arxentina, 9-1º - Silleda

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda** a alta no SAF na modalidade de dependencia de Isabel Hernández López nas condicións que figuran no informe da Traballadora Social, de data 11 de xuño de 2013.

4.2.- Expediente de solicitud de comunicación de baixa no SAF no correspondente Programa de Atención á Dependencia, de María del Carmen Castro López e Antonio López Cardigonde.

Dase conta da comunicación de María del Carmen Carballo Silva, en calidade de Traballadora Social do Concello de Silleda, de data 11 de xuño de 2013, de baixa no SAF no programa de dependencia de:

Nome a Apelido	Enderezo	Motivo da baixa
María del Carmen Castro López	Carral, 11 - Taboada	Traslado a residencia
Antonio López Cardigonde	Caxeira, 10 - Saidres	Renuncia ao servizo


A Xunta de Goberno Local, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, por unanimidade dos membros presentes, acorda a aprobación destas baixas.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS:

Non hai intervencións.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Alcaldesa levántase a sesión as quince horas e quince minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario, dou fe e certifíco.

Silleda, a 20 de xuño de 2013.



Vº Pazo
A ALCALDESA,

Asdo: Paula Fernández Pena



O SECRETAARIO

Asdo: Francisco J. Oubiña Lodeiro